

Índice

<u>Datos xerais do centro</u>	2
<u>Obxectivos xerais</u>	3
<u>Plan do equipo directivo</u>	5
<u>Programación dos distintos ciclos e equipos</u>	8
<u>Organización do centro</u>	20
<u>Organización de recursos</u>	26
<u>Programación anual de actividades complementarias e extraescolares</u>	26
<u>Listaxe de libros de texto</u>	29
<u>Plan para a realización do transporte escolar e o regulamento da organización do servizo de comedor escolar</u>	30
<u>Presuposto anual do centro</u>	33

Nota: Co fin de aforrar papel e tóner para contribuír á mellora ambiental, evitamos duplicar os horarios neste PXA xa que xa foron remitidos a esa inspección nos documentos de organización de centro, a mais de estar accesibles na aplicación xadeweb.

1.- Datos xerais do centro

Denominación: C.E.I.P. Condese de Fenosa
 Titularidade: Público
 Nº código de centro: 32015116
 Municipio (Localidade): O Barco de Valdeorras
 CP: 32300
 Tfno: 988 321 060
 Fax: 988 325 969
 Enderezo: Rúa Coruña, 24
 Provincia: Ourense
 Enderezo electrónico: ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es
 Páxina Web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa>

<i>Nivel ou Especialidade</i>	<i>Composición xurídica</i>	<i>Composición real</i>	<i>Profesorado compartido</i>
Educación infantil	8	8	
Ensino primario	12	11	
Pedagogía Terapéutica	2	4	
Audición e Linguaxe	1	2	
Música	1	1	
Inglés	2	2	
Francés	1	1	
Educación Física	2	2	
Relixión		2	1
Orientación	1	1	
Lingua e Cultura Portuguesa		1	1
TOTAL	30	35	2

Nº total alumnos	391
Nº alumnos ensino infantil	124
Nº alumnos ensino primario	267

2.- Obxectivos xerais do centro

1. Desenvolver a personalidade d@s [alumn@s](#) para o que fomentaremos a capacidade de observación, discernimento e enxuízamento crítico sobre todo fronte dos medios de comunicación.
2. Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, fomentando, para iso, a participación do alumnado en coloquios e debates nos que manifesten as propias ideas e respecten as dos demais.
 - Pretendemos que o alumnado aprenda a respectar:
 - Na aula: solicitando e respectando a quenda de palabra establecido
 - Nos corredores e dentro do colexio: a orde nas filas, evitando berros, carreiras, etc...
 - No patio: as instalacións deportivas, os enreixados, os espazos verdes, procurando mantelo limpo co uso das papeleiras.
3. Desenvolver hábitos intelectuais e técnicas de traballo , así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos, desenvolvendo técnicas de subliñado, esquemas, resúmenes, apuntes e toma de notas que faciliten a adquisición de contidos.
4. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural así como para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
5. Potenciar o respecto ao entorno e á conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía.
6. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens e servizos comúns, sentindo o gusto e a satisfacción polo bo cumprimento das normas de circulación e do transporte público e privado.
7. Coñecer as mensaxes básicas da circulación viaria.
8. Recoñecer e tomar conciencia dos problemas viarios e das situacións de risco que poidan xerar, desenvolvendo unha actitude crítica cara comportamentos incívicos.
9. Descubrir e dar prioridade ao valor do ser, fronte ao valor de ter na toma de decisións sobre o consumo
10. Garantir unha autonomía persoal fronte ao consumismo
11. Aprender a usar, gozar e coidar dos bens que se posúen ou que se consumen, recoñecendo a súa utilidade real para a vida.
12. Ser quen de ler e interpretar criticamente as estratexias de venta e en concreto as mensaxes publicitarias nos seus compoñentes verbais e icónicos distinguindo a súa veracidade e poder actuar libremente fronte deles.
13. Recoñecer e sensibilizarse coas persoas e pobos que carecen dos recursos básicos mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
14. Desenvolver e afianzar hábitos autónomos de coidado e de saúde persoal, así como o gusto pola actividade física.
15. Capacitar aos alumnos/as para participar activa e responsablemente na creación e xestión da súa propia saúde.
16. Descubrir e interiorizar a propia realidade sexual como medio para relacionarnos e comunicarnos.
17. Reforzar a autonomía e a auto-estima como bases para construír un proxecto de vida saudable.
18. Recoñecer situacións de perigo ou risco para a nosa saúde, sendo capaces de enfrontarse a elas.
19. Coñecer os recursos naturais básicos e os factores que inflúen positiva ou negativamente no medio ambiente da bisbarra de Valdeorras.

20. Descubrir que a nosa colaboración e unha actitude de respecto é o punto de partida para manter, restablecer e mellorar o medio ambiente.
21. Propiciar normas, criterios e orientacións para a solución dos problemas do medio ambiente máis próximo (aula, centro, pobo) o que derivará nunha mellora na saúde.
22. Participar activamente na conservación da natureza a través de actividades de redución, reutilización, reciclaxe e non contaminación dos recursos básicos (papel, auga...)
23. Participar nos programas de recuperación do medio ambiente máis significativos para @s [alumn@s](#) promovidos por distintas institucións (Semana da Natureza, Voz Natura, Xardín e Horta escolar...)
24. Descubrir, potenciar e desenvolver a totalidade das potencialidades ou capacidades persoais, sen se deixar influír ou mediatizar por ningún tipo de condicionante ou de limitación de carácter sexista, cultural, racial ou físico.
25. Aceptar, respectar e valorar as características e calidades doutras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, ou con calquera característica diferencial.
26. Ser capaces de identificar e de realizar unha análise crítica de todas as manifestacións sexistas ou discriminatorias que se producen na linguaxe cotián, no ámbito social e cultural e, en concreto, nas mensaxes (icónicas e verbais) que nos transmite a publicidade e, en xeral, os medios de comunicación.
27. Canalizar a agresividade da persoa cara o ben e o pensamento positivo.
28. Desenvolver a sensibilidade, afectividade e tenrura no encontro coas persoas que nos rodean.
29. Sentir a satisfacción que produce a relación de confianza, de respecto e colaboración cos demais.
30. Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, nas nosas relacións cotiás.
31. Recoñecer situacións de conflito, sendo capaces de tomar decisións para solucionarlas de forma creativa, fraternal e non violenta.
32. Desenvolver o interese na diversidade de persoas e culturas, actuando sempre cunha actitude aberta, respectuosa e tolerante.
33. Coñecer e potenciar os dereitos humanos.
34. Coñecer e colaborar coas ONGs na loita contra a miseria e a inxustiza no mundo.

3.- Plan do equipo directivo

Neste curso levarase adiante a implementación da segunda fase do plan **ABALAR**, que tras a experiencia do ano pasado, pensamos que poderemos levar dun xeito máis organizado, xa que se por algo se caracterizou o despregamento do curso anterior foi pola súa impredecibilidade, ao que se sumou unha cantidade considerable de problemas técnicos que non se solventaron deica o terceiro trimestre do curso.

Neste curso equiparanse dúas aulas de 5º de primaria, xa que as aulas de 6º actuais son as dotadas no curso anterior.

Dado que o proxecto Abalar abandona Ubuntu para pasar a unha distro Debian, tentaremos, na medida do posible dotar a todos os ordenadores do colexio deste sistema operativo, ben en arrinque dual ou exclusivo.

No plano administrativo centraremos esforzos na discusión e redacción definitiva do **Plan TIC** do centro, que tras os traballos no curso pasado xa ten unha presenza como borrador, pero que está á espera da súa discusión polo miúdo nas reunións de ciclo, para recibir as propostas de mellora que se suxiran e proceder a unha redacción definitiva que poida ser aprobada polo claustro, e poder, deste xeito poñelo en marcha xa no propio curso. Este obxectivo, repetido do ano pasado, tivemos que adialo xa que a mediados do curso a responsable Abalar do centro tivo, por motivos médicos, que deixar as súas funcións e se mantivo o posto dun xeito interino por outro mestre do centro que non puido facer fronte a todas as expectativas de traballo suscitadas a principios de curso.

Tamén a necesidade de adoptar novos modelos de ensino, adaptados ás tecnoloxías da información e comunicación, pasa por incentivar a **formación** dos docentes para o dominio das ferramentas básicas da Web 2.0, como son blogues, wikis, Jclics, Procuras do Tesouro, webquests, Lim, Hot Potatoes, etc... Neste sentido tentaremos poñer en marcha un Proxecto de Formación en Centros que tendo como temática as aulas abalar traballe estes recursos.

Así mesmo, e en canto que queremos potenciar, non só en 5º de primaria senón en todo o centro, o contorno dixital, teremos que seguir incentivando os esforzos por facer da **web do centro** unha fonte de recursos para toda a Comunidade Educativa,.

Noutro orde de cousas continuamos no **plano de mellora de bibliotecas (PLAMBE)** e co proceso de implantación da **axenda 21 escolar de Galicia**. Tamén existe un importante labor de autoformación noutros ámbitos do colexio, como é a pedagogía terapéutica (que formará un grupo de traballo sobre aulas sensoriais) ou ensino infantil (que traballa a metodoloxía dos proxectos)

Noutro orde de cousas sinalar que a normativa sobre horarios da Consellería de Educación recolle a eliminación das horas de redución horaria que saíran dun acordo entre a administración e os sindicatos. Se ben o conselleiro afirmou nos medios de comunicación que esta medida ía recair en beneficio d@s nen@s en forma de horas de reforzo, na realidade, no noso centro traducíuse na redución de tres postos de traballo. Consideramos especialmente grave a eliminación dunha aula de 3º curso que provoca un novo reagrupamento de alumnos e masifica considerablemente unhas aulas nas que convive alumnado con NEE.

A respecto das gardas de custodia do alumnado, que na norma antedita son consideradas como horario lectivo, o claustro deste centro manifestou o seu unánime sentir de que calquera garda ou custodia dos nenos relacionada coas actividades extraescolares aprobadas nesta PXA, serán consideradas tamén como horario lectivo.

En canto á elaboración dos horarios fixéronse coa idea de acometer un programa contrato para a mellora da lectoescritura e do cálculo, procurando que cada aula de primaria contase, alomenos, con dúas horas de apoios para o desenvolvemento deste programa. Tamén presentamos, e esperamos podelo levar adiante como en anos anteriores, un programa contrato de acompañamento escolar, no que temos certas expectativas de mellora con respecto a cursos pasados xa que atinxe ao alumnado do 2º e 3º ciclo, e non só o 3º ciclo como no seu predecesor o PROA, idades nas que o programa mostraba non tanta eficacia como serái desexable.

Tampouco contamos con apoio para facer fronte a todos os **trámites administrativos** (Comedor, libros de texto, matrículas...) que só grazas ao voluntarismo poden ser resoltos nos prazos axeitados. A adscrición dun administrativo, aínda que fose compartido entre varios centros da zona, sería dunha grande axuda para levar a cabo as tarefas burocráticas, e por esta razón demandaremos da administración educativa a dotación destes profesionais aos centros.

A seguir detallamos outros obxectivos referidos a diferentes ámbitos de traballo para este curso escolar:

Obxectivos curso escolar 2011-2012	
Ámbito pedagóxico	<p>Continuar fomentando o uso da Biblioteca escolar</p> <p>Favorecer as actividades de promoción e animación á lectura</p> <p>Potenciar a formación do alumnado nas novas tecnoloxías</p> <p>Estimular o aprecio e a defensa da natureza mediante, entre outras accións, a compostaxe, a separación de residuos, a plantación de árbores e a participación en Voz Natura e na axenda 21 escolar</p> <p>Comezar un plan de acompañamento escolar e un programa de mellora da lectoescritura e do cálculo ao través de programas contrato coa administración, coa idea de establecer medidas de educación compensatoria que garantan a igualdade de oportunidades a todo o alumnado do centro.</p>
Ámbito organizativo	<p>Capacitar a todo o profesorado no programa de xestión informática da biblioteca escolar. Dotar de ordenadores para a procura de información á biblioteca</p> <p>Actualizar o plano de auto-protección, realizando un programa de evacuación específico para o comedor escolar</p> <p>Optimizar o aproveitamento dos recursos por parte de todo a comunidade escolar</p> <p>Continuar co carné escolar por puntos, como medida para mellorar a convivencia.</p> <p>Continuar desenvolvendo o programa das patrullas verdes para acadar, por parte do alumnado, unha actitude respectuosa cara o medio</p>

Obxectivos curso escolar 2011-2012

Ámbito institucional

Solicitar ao Concello a instalación urxente de marquesiñas nas paradas do transporte escolar.
Solicitar ao Concello a instalación dun parque infantil na zona de Ensino Infantil.
Solicitar axudas para melloras no centro, así como para publicacións, adquisicións, subvencións a visitas, etc... a distintas institucións.

4.- Programación dos distintos ciclos e equipos

4.1.- Ciclo de Ensino Infantil

Compoñentes do ciclo:

Delgado Delgado, Cristina (Coordinadora)
 González González, Sonia
 López Guitián, Teresa
 Molina Tato, Mercedes
 Maceda Gallego, Noelia
 Escuredo López, María Nieves
 Domínguez García, Diana

González Eiroa, M^a Remedios

Outro profesorado que intervén:

Gallego Delgado, M^a de las Mercedes (FI)
 García Rodríguez, Sandra (ER)
 Fernández Sueiras, M^a Carmen (AL)
 Martín Cruz, M^a José (PT)
 Pestaña Barredo, M^a Ángeles (PT)

A educación infantil é unha etapa fundamental no desenvolvemento dos nenos/as, importante de seu, e diferente ás demais, o que determina que o noso labor pedagóxico se centre nos seguintes catro obxectivos:

- x Que o neno/a veña contento á escola
- x Que aprenda dun xeito lúdico
- x Que as aprendizaxes partan dos intereses do neno/a
- x Para acadar aprendizaxes significativas e unha maior motivación por parte do alumnado, decídese basear a metodoloxía nos traballos por proxectos atendendo así aos intereses dos nenos e nenas e logrando unha maior participación e implicación dos pais e nais no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

Tendo como referentes os anteditos puntos, fixémonos como **obxectivos xerais**, a acadar ao longo do ciclo, os seguintes:

- Socializarse cos compañeiros e cos mestres
- Realizar con autonomía os actos de limpeza e hixiene persoal
- Valoración positiva de si mesmo e dos demais
- Valorar e respectar as normas básicas de convivencia
- Empregar linguaxe oral para comunicarse cos demais cun vocabulario preciso e unha pronuncia correcta
- Crear unha actitude positiva cara o coñecemento, coidado e respecto do contorno natural
- Desenvolver a súa capacidade artística (xestual, musical, plástica...) fomentando a súa creatividade e imaxinación
- Iniciar o proceso lecto-escritor
- Desenvolver progresivamente o proceso lóxico-matemático
- Desenvolver o interese polo pracer que produce a consecución dos obxectivos anteriores e o avance ao pasar polos diferentes niveis.
- Avanzar no desenvolvemento motor (fino e grosso)
- Iniciar o contacto cunha lingua estranxeira (Inglés)
- Iniciarse nas competencias básicas a través dos distintos proxectos.
- Familiarizarse co emprego das TICs

Programación do período de adaptación para o curso 2011-2012

Xuño 2012	<p>Alumnado:</p> <p>Realizarán unha primeira visita os alumnos de novo ingreso acompañados polos seus pais/nais</p>	<p>Pais e Nais:</p> <p>Terán unha breve reunión informativa co profesorado sobre o período de adaptación Daráselles, así mesmo, unha información por escrito sobre determinados aspectos relativos á escolarización dos seus fillos/as.</p>
-----------	---	--

Programación do período de adaptación para o curso 2011-2012

01/09/11	Nenos/as de 3 anos: Durante o período de adaptación os nenos/as asistirán ao colexio en dúas quendas:		Pais e Nais: Nos primeiros días de setembro terá lugar unha reunión co equipo docente de ensino infantil, onde se lles dará o horario dos nenos en período de adaptación, así como o nome do seu titor/a. Durante o período de adaptación os profesores manterán entrevistas individualizadas cos pais/nais. Sinalar que as datas do período de adaptación ampliadas deica o 30 de setembro responden á necesidade de non ter tres horarios diferentes durante o mes de setembro, e conta coa aprobación das nais/pais dos rapaces.	
		Do 12 ao 16		Do 19 ao 30
	Primeira quenda	10:15 a 11:45		10:00 a 13:00
	Segunda quenda	12:00 a 13:30	10:00 a 13:00	
Nenos/as de 4 e 5 anos: Farase un período de adaptación individualizado atendendo ás súas necesidades				

Saídas e actividades culturais

Visitar o contorno: clínica veterinaria, estación do ferrocarril, bombeiros, o mercado, o río, a radio, hospital comarcal...

En maio acudirá todo o ciclo á convivencia de Educación Infantil

Outras saídas axeitadas ás temáticas dos proxectos que se traballen durante o curso (castelo, centro de saúde, viveiro...)

Data de reunión cos pais/nais

Martes 18 de outubro ás 17:15 h.

4.2.Primeiro Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

García Fernández, M^a Del Carmen (Coordinadora)
 Puente Murias, Elisa
 Varela Gómez, Rosa
 Ochoa Ochoa, Aurea
 Freixeiro Álvarez, Xoaquín Carlos (EM)

Outro profesorado que intervén:

Gallego Delgado, M^a de las Mercedes (FI)
 Martínez Asenjo, Nicolás (ER)
 Fernández Sueiras, M^a Carmen (AL)
 Barroso Álvarez, Marta (AL)
 Martín Cruz, M^a José (PT)
 López Fernández, Rubén (PT)
 Moldes Cobelas, M^a Encarnación (Apoio)
 Ferreira de Oliveira, Joaquim (LCP)

Obxectivos do Ciclo

- Fomentar as relacións entre compañeiros/as e a solidariedade entre eles.
- Fomentar hábitos de autonomía, responsabilidade e esforzo persoal.
- Aceptar as regras e normas de convivencia que se establezan, e asumir as responsabilidades individuais que correspondan.
- Adquirir unha imaxe axustada de si mesmo e os outros, valorando as diferencias individuais.
- Estimular a resolución de conflitos por medio do debate e o consenso
- Adquirir as competencias básicas que nos permitan conseguir os obxectivos mínimos establecidos no ciclo.
- Habilitar un tempo determinado para a lectura, fomentando o hábito lector compartido e o gusto pola lectura
- Comprometerse de forma activa no coidado do noso contorno, determinando problemas, elaborando propostas e asumindo os compromisos alcanzados.
- Fomentar o uso responsable e crítico das TICs, valorándoas como xeradoras e transmisoras de coñecemento e comunicación.

- Conseguir que @s alumn@s adquiren unha mellor aprendizaxe lecto-escritora que lles axude a comprender diferentes tipos de texto a través do novo programa contrato de mellora da lectoescritura e do cálculo.

Saídas e actividades culturais

O 1º curso acudirá á panadaría e á biblioteca municipal

O 2º curso irá a unha empresa adicada á recolleita e elaboración de castañas

Diferentes saídas pola localidade

Excursión de fin de curso

Todas as que se consideren convenientes ao longo do ano.

Nota: Retomaremos a visita ao punto limpo que viña sendo habitual, para 2º curso no próximo curso escolar.

Data de reunión cos pais/nais

Martes 4 de outubro ás 17:00 h.

4.1.Segundo Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

González Rodríguez, Mª Consuelo

Moldes Cobelas, Mª Encarnación

(coordinadora)

Vázquez Álvarez, David D.

Ferreira de Oliveira, Joaquim (LCP)

Martínez Asenjo, Nicolás (ER)

Pérez Lemos, Francisco (Mat)

Outro profesorado que intervén:

Gómez Vidal, Manuel Francisco (FI)

Freixeiro Álvarez, Xoaquín (EM)

Rodríguez Centrón, Modesto (EF)

Ferreira de Oliveira, Joaquim (LCP)

Gallego Delgado Mª Mercedes (FI)

López García Rubén (PT)

Martínez Asenjo, Nicolás (ER)

Fernández Sueiras, Mª Carmen (AL)

Barroso Álvarez, Marta (AL)

Pestaña Barredo, Mª Ángeles (PT)

Obxectivos do Ciclo

- Reforzar as normas que rexen as situacións de diálogo e as conversas de grupo
- Fomentar un clima de convivencia harmonioso no colexio, baseado no respecto, no diálogo e na interiorización das normas.
- Valorar e gozar do seu contorno máis próximo (aula, colexio, pobo...) participando no seu coidado e conservación, especialmente no aspecto ambiental
- Adquirir hábitos de estudo e traballo na casa, coa supervisión dos pais, ou titores que axude a consolidar as aprendizaxes de aula, e adquirir a autonomía propia do ciclo, e adquirir a autonomía propia dos alumnos/as correspondentes a este ciclo.
- Reforzar a orde e a disciplina nas filas, clases e espazos comúns do colexio
- Manter e fomentar as normas básicas de hixiene para a prevención de enfermidades
- Favorecer o gusto pola lectura e a súa comprensión, a través do uso de das horas de apoio á lectura, mantendo unha boa coordinación co mestre implicado.
- Saídas e actividades culturais

Saídas e actividades culturais

A participación nelas dependerán da disponibilidad de cada titor, xa que a súa preparación e desenvolvemento, as mais das veces require dun grao de adicación e correr uns riscos que non todo o profesorado do 2º ciclo pode asumir.

Actividades propostas para o segundo ciclo:

Terceiro:

1. Oficina de correos.
2. Capatación de augas.

Cuarto:

1. Cooperativa Vitivinícola.
2. Casa do Concello

Ciclo: excursión de fin de curso, por determinar.

Data de reunión dos pais/nais

Martes 11 de outubro de outubro ás 17:00h.

4.4. Terceiro Ciclo de Ensino Primario

Compoñentes do ciclo:

Moldes Carriba, Concepción
Fernández Gudiña, Luís (Coord.)
Arias Prada, Luísa M^a
Iglesias Neira, Carmen
Gómez Vidal, Manuel Francisco (FI)
Rodríguez Centrón, Modesto (EF)

Outro profesorado que intervén:

Freixeiro Álvarez, Xoaquín (EM)
Martínez Asenjo, Nicolás (ER)
Ferreira de Oliveira, Joaquim (LCP)
Fernández Sueiras, M^a Carmen (AL)
Barroso Álvarez, Marta (AL)
Pestaña Barredo, M^a Ángeles (PT)
Martín Cruz, M^a José (PT)
Melle Armesto, M^a Carmen (PT)

Obxectivos do Ciclo

- Resaltar os valores morais fundamentais como o respecto, a solidariedade, compañeirismo, honestidade, responsabilidade e auto-estima e o esforzo. Apicalos no seu trato cos compañeiros/as e mestres
- Desenvolverse de forma autónoma na experiencia diaria, tanto na aula como nas saídas e excursións, establecendo relacións de grupo e valorando as relacións afectivas
- Conseguir unha participación activa e democrática tanto en actividades de pequeno grupo (debates, comentarios...) como de gran grupo (excursións) aportando os puntos de vista e intereses propios, respectando aos demais e gardando as quendas de intervención, aprendendo a baixar e normaliza-lo ton de voz.
- Fomenta-lo respecto ás distintas culturas valorando e apreciando tódalas súas diferencias
- Aprender a aplicar hábitos de saúde e benestar para acadar unha vida equilibrada, con eles mesmos e co entorno.
- Potenciar e desenvolver as posibilidades das novas tecnoloxías para a súa aplicación na aula, transformando as actuais aulas tradicionais en aulas virtuais.
- Adoptar novos modelos de ensino, tendo en conta ás tecnoloxías da información e facendo da web do centro unha fonte de recursos.

Saídas e actividades culturais

- Participación na campaña de animación á lectura
- Visitas a lugares de interese da localidade: Mosteiro de Xagoza e adega; a canteira de lousa.

- Saídas pola localidade a distintas exposicións e actividades programadas polas institucións locais
- Visita a Central hidroeléctrica e unha depuradora.
- Cidade da enerxía
- Participación noutros concursos que vaian xurdindo
- Teatro Escolar
- Convivencia Xogaconnosco
- Excursión fin de curso

Data de reunión dos pais/nais

Martes 4 de outubro ás 17:10 h.

4.5. Equipo de Normalización Lingüística

O ENDL despois de recoller as iniciativas do claustro elaborará un deseño de actividades cos distintos equipos implicados (ENDL, Eq. Apoio Biblioteca, Eq. Docentes, Ax. 21...) e que contará coa supervisión final do Equipo Directivo.

O obxectivo que se procura con este xeito de actuar é acadar unha maior participación e implicación de toda a comunidade educativa do centro nos obxectivos da normalización lingüística.

O ENDL velará polo cumprimento deste proxecto e do PLC.

Con todo, a ausencia dunha convocatoria, por parte da Consellería, para a presentación de proxectos para a dinamización lingüística, leva a este equipo a traballar nunha situación de incerteza en relación ás actividades que poderá levar adiante por descoñecer o orzamento real do que se poderá dispoñer para a súa realización.

Actualmente só está convocada a realización de proxectos de innovación en dinamización lingüística, coa particularidade que tan só 5 dos proxectos presentados serán seleccionados e recibirán orzamento. Este ENDL participa en dita convocatoria.

Vémonos na obriga de expoñer a nosa falla de conformidade ao non se ter en conta, por parte da dirección xeral de política lingüística, o calendario escolar para a convocatoria dos proxectos, eiva xa expresada por nós e outros moitos equipos en anos anteriores, e que parecía felizmente superada.

Así mesmo o Equipo quere expresar a súa preocupación pola situación que cara ao proceso de normalización da lingua se está a dar nos últimos tempos. Todos os membros do equipo, xentes con moitos anos de traballo a prol da normalización e dinamización da nosa lingua, que, ano tras ano, con moito esforzo vimos como fomos acadando, aos poucos, normalizar algunhas áreas da vida académica e administrativa do centro, e como a actitude xeral da comunidade educativa se mostraba favorable ao proceso normalizador, observamos hoxe actitudes desconsideradas e despectivas cara ao idioma. Se ben son actitudes moi minoritarias, a súa orixe, isto é, o pulo mediático e a incerteza social e política a este respecto, preocúpanos seriamente.

Pensamos que unha clarificación do plano de normalización e dos obxectivos no goberno ao respecto, axudaría enormemente na efectividade do noso traballo.

4.6. Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación do C.E.I.P. "Condese de Fenosa" abrangue como ámbito de actuación o propio colexio segundo a rede de orientación marcada pola Consellería de Educación.

O Departamento está composto polo profesorado de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, coordinadores/as de ciclo e pola xefa de departamento.

Dispón dun local exclusivo radicado fóra do edificio do colexio, na que antigamente era a casa do conserxe. Nela sitúanse as aulas de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Departamento de Orientación e aseo adaptado para cambios dos nenos/as con necesidades educativas especiais.

As aulas compártense entre todos os especialistas. Así mesmo utilízanse outras dependencias do centro debido á imposibilidade de atender neste espazo físico á totalidade de alumnos con NEAE.

As reunións do Departamento do CEIP “Condessa Fenosa” celébranse fóra de horario lectivo os luns de 13:30 a 14:30 horas mensualmente. Semanalmente o profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e a orientadora manteñen unha reunión de 13:30 a 14:30 horas.

A súa constitución formal con todos os membros lévase a cabo ao longo do mes de outubro.

Obxectivos xerais

1. Dar estabilidade aos canles de funcionamento creados dentro do propio centro.
2. Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
3. Asesorar e orientar ao alumnado, ao profesorado e ás familias para a mellora da calidade do ensino.
4. Colaborar na actualización e elaboración dos distintos documentos que integran o PEC e a PXA
5. Apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe, os ámbitos de apoio ás necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e de atención á diversidade.
6. Contribuír ao fomento das relacións coas familias do alumnado e con aqueles servizos e institucións que prestan atención socio-educativa e sanitaria ao noso alumnado no marco dunha intervención multiprofesional.
7. Ademais prestarase especial atención as actuacións suxeridas na circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa.

Recursos

Os **recursos humanos** cos que contamos para levar a cabo este plan son todo o profesorado do centro e as auxiliares técnico educativas que traballan no mesmo. Hai que sinalar que este ano dispomos de tres auxiliares técnico educativas, o que supón o incremento dunha traballadora con respecto do curso pasado.

A composición do departamento de orientación do CEIP “Condessa de Fenosa” é a seguinte:

Marta Barroso Álvarez: Profesora de Audición e Linguaxe

Carmela García Fernández: Coordinadora do 1º ciclo de Primaria

Cristina Delgado Delgado: Coordinadora de Ensino Infantil

Mª Carmen Fdez. Sueiras: Profesora de Audición e Linguaxe

Natalia Longo González: Xefa do Departamento de Orientación

Rubén López Fernández: Profesor de Pedagogía Terapéutica

Mª Encarnación Moldes Cobelas: Coordinadora de 2º ciclo de Primaria

Mª José Martín Cruz: Profesora de Pedagogía Terapéutica

Luis Fernández Gudiña: Coordinadora de 3º ciclo de Primaria

Mª Ángeles Pestaña Barredo: Profesora de Pedagogía Terapéutica

Mª Carmen Melle Armesto: Profesor de Pedagogía Terapéutica

En canto aos **recursos económicos** do Departamento son inexistentes. Non hai unha partida específica nin para o Departamento de Orientación nin para as aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, aínda que somos centro de escolarización preferente para os nenos/as

de N.E.E. Os gastos que poida haber van a cargo do orzamento xeral do Centro. Seguimos a incidir na conveniencia da existencia dun presuposto para o mesmo.

Entre os **recursos materiais** atópase: material bibliográfico e curricular das aulas de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe(AL), material informático ,recursos existentes no centro que están ao servizo de todo o profesorado, probas estandarizadas e coleccións de actividades de reforzo pedagóxico e logopédico.

4.7. Equipo de Apoio á Biblioteca

Neste curso escolar o EAB continuará, por quinto ano, co plan de mellora da Biblioteca Escolar, polo que conta cunha dotación económica, que a maiores da establecida no orzamento xeral do centro, permitirá a realización dalgunhas adquisicións importantes para a modernización e optimización dos recursos da Biblioteca.

As actuacións que se marca o Equipo para este curso escolar son as seguintes:

Actuacións en relación coa organización e xestión:

Durante o pasado curso organizouse a zona de lectura distendida cuns separadores que compartimentaron o espazo, e que, como efecto non buscado acadaron unha sensible redución do ruído nese espazo. Sen embargo estes separadores non nos foron útiles, tal e como tiñamos previsto, na separación das dúas salas para as sesións de cine-clube. Daquela teremos que procurar para o próximo ano uns biombos que se poidan servir para este fin, bloqueando a entrada de luz, evitando na medida do posible que o son do filme impida a actividade na outra sala e todo isto dun xeito cómodo, que poda ser realizada rápida e eficientemente.

Por outra banda queremos continuar ampliando o equipo de axudantes da Biblioteca, que neste momento conta cuns 14 alumn@s colaboradores que van dende 2º a 6º de primaria. Estes colaboradores divídense en encargados (6º e 5º) e axudantes (2º, 3º e 4º), formando os encargados aos axudantes nos labores de xestión, nun proceso de autoformación que nos parece moi interesante, polo que insistiremos na potenciación destas figuras dos colaboradores da Biblioteca.

Sinalar que a actividade de conta-contos dos maiores cara aos máis pequenos non tivo todo o éxito que esperabamos. Non houbo demasiada asistencia (probablemente por non sabermos publicitar axeitadamente a actividade). Con todo tentaremos retomar, corrixindo erros de publicidade, mellorando a infraestrutura para a actividade e dando formación @s alumn@s voluntari@s, para que no vindeiro curso resulte o éxito que esperabamos.

Actuacións en relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

Seguiremos, como en anos anteriores, desenvolvendo actividades que xa son clásicas na nosa biblioteca: edición do Barquiño de Papel, tanto na edición impresa como na dixital, exposicións temáticas e de novidades, recomendacións de lecturas, etc...

Tamén a hora dos deberes continuará a súa actividade, localizada no horario do recreo do comedor (14:30 a 15:30h.) na que se pon a disposición do alumnado os recursos da biblioteca e o acceso a internet para os traballos que se demandan dende as aulas.

En canto ao blogue da biblioteca, xa neste ano con máis xente participando na súa elaboración, procuraremos incrementar esta participación así como as visitas, tentando que sexa un espazo aberto, flexible e útil para toda a comunidade escolar.

En canto ao clube de lectura de mestres, a pesares das boas valoracións que tivo o ano pasado, non se levou adiante neste curso, no que boa parte dos nosos esforzos estiveron orientados á posta en marcha dun proxecto documental integrado. Sen unha organización rixida tentaremos que esta interesante iniciativa continúe no próximo curso, e que as recomendacións e valoracións das novidades editoriais que se elaboren teñan a debida publicidade.

Actuacións en relación coa formación de usuarios e educación para o acceso á información (Educación documental):

Durante este curso continuamos elaborando webquests e procuras do tesouro para complementar o plan de visitas escolares de coñecemento do contorno programadas no centro. Así están elaboradas actividades en relación aos bombeiros, veterinario, correos, biblioteca pública e supermercado, que se veñen a sumar ás xa realizadas referidas ao viño e ao pan. Para o ano que vén deberíamos continuar este labor para o que apuntamos temas como as canteiras de lousa, as centrais hidroeléctricas, o hospital e o concello.

Por fin neste ano abordamos, con gran participación e entusiasmo por parte de toda a comunidade escolar, a posta en marcha dun Proxecto Documental Integrado, en colaboración co ENDL do colexio. O tema foi a cultura celta e romana en Valdeorras. Para o ano que vén pretendemos abordar outro PDI corrixindo algúns aspectos que poden ser mellorados como a distribución das tarefas, a temporalización das distintas fases e procurando unha maior implicación do alumnado na delimitación do tema de traballo.

A olimpíada do Saber, que tamén se realizou, versou sobre o tema do PDI, aumentando o interese polo mesmo do alumnado, polo que, probablemente, de cara ao curso que vén adoptemos este mesmo formato de coincidencia de temática.

Continuaremos coa Formación de Usuarios, recalcando aspectos referidos ao comportamento na biblioteca. De feito este ano, en colaboración co Comité Ambiental da Axenda 21 Escolar do centro, creamos a figura do Gardián do Silencio, *alumn@s* que se encargan de recordar as normas da estancia na biblioteca, e que conseguiron unha mellora substancial do ambiente de traballo na mesma.

Os axudantes da biblioteca, 20 *alumn@s* este ano repartidos en quendas de mañá e tarde todos os días da semana, realizaron un labor moi importante, xestionando empréstanos, quendas de ordenadores, etc... deixando ao encargado da biblioteca só un labor de supervisor. Queremos continuar nesta liña de implicación do alumnado nas tarefas da xestión, e continuar coa formación entre iguais que se está a levar, onde un alumno experto actúa de titor doutro máis pequeno.

En canto aos ordenadores da biblioteca esperamos mercar algún equipo máis, despois de renovar este ano os equipos, chegando, a poder ser, a 5 ordenadores. Dado que o centro entrou na rede Abalar, decidimos que o sistema operativo que se usaría na Biblioteca fose GNU-Linux, en concreto a distro Ubuntu, que foi moi ben aceptada, e rapidamente dominada, polos rapaces e rapazas usuarios.

Actividades en relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro:

Continuaremos practicamente coas mesmas actividades que ata o de agora viñamos desenvolvendo, xa que continúan dando bos resultados, aínda que nalgunha tentaremos introducir elementos de corrección.

Programa de Lectura Silenciosa Sostida, que se desenvolverá nos primeiros quince minutos de cada día. Introduciuse unha valoración no boletín de notas sobre a actitude do alumnado nesta actividade, que na práctica totalidade dos casos é moi boa.

As suxestións de lectura se seguirán realizando, aínda que xa sen o clube de lectura de mestres, sendo máis ben comentarios publicados no blogue das lecturas que vaian facendo os mestres. A razón de que non vaíamos continuar co clube de lectura é a previsible falta de tempo do equipo de apoio á Biblioteca xa que estaremos embarcados noutro PDI, e continuaremos coa elaboración de Webquests para o coñecemento do contorno.

Non faltarán nas actividades do próximo curso as actividades de Vaille co conto ao profe (lectura voluntaria de *nen@s* no recreo), No recreo cos máis pequenos (conta contos dos maiores do colexio aos pequeniños coa inclusión das correccións sinaladas en apartados anteriores), e os Martes... Conto. Sobre esta última actividade, que foi realizada polos pais e nais de alumnado de Ensino Infantil este ano, queremos potenciar esta participación das familias, pero consideramos que se podería mellorar a actividade introducindo novas técnicas de contar os contos, polo que imos establecer un pequeno obradoiro para formar a estes pais

e nais voluntari@s en técnicas variadas para contar contos (teatriño de monicreques, sombras chinesas, monecos-luvas...), acadando unha mellor calidade na actividade se couber, e sen desbotar a participación das familias que resulta moi positiva.

Outras actividades serán os clubs de lectura e de escritura que continúan tendo unha valoración moi alta polo alumnado e que o Equipo da Biblioteca tamén valora moi positivamente. Dado que o seu funcionamento xa está moi ben establecido e foron introducidas correccións atinadas, o seu esquema xeral continuará sendo igual no vindeiro ano.

Con respecto do Proxecto Lector decidiuse neste curso non abordar a súa renovación, debido fundamentalmente á falta de tempo á que aludimos pola posta en marcha do PDI e a que non se aparta, no fundamental, do noso traballo cotián, e, aínda que mellorable, segue a ser un documento válido. Con todo, non deixamos de pensar en anovar o documento pero queremos que, ao igual que cando se elaborou, proceda dunha reflexión colectiva de todo o claustro, esforzo que non se lle podía pedir este curso no que asumiron a posta en marcha do proxecto documental con moito entusiasmo, pero tamén, e fomos conscientes disto, cunha sobrecarga de traballo considerable. Daquela tentaremos no curso que vén, sen présas, promover dende o primeiro día a súa renovación.

Outras Actuacións:

A nosa Web segue a medrar colgando novos recursos educativos, Webquests, imaxes interactivas, o boletín da Biblioteca, a guía de benvinda... Para o vindeiro curso tentaremos continuar nesta liña porque consideramos que é unha ferramenta que nos aporta moitas e moi interesantes expectativas de traballo.

Tamén continuaremos co Mercadiño de intercambio de libros que neste curso celebrou a súa segunda edición, corrixindo defectos atopados na primeira convocatoria. Parécenos, de acordo co sentir maioritario do claustro, que é unha moi interesante actividade, que valoriza a lectura, o comportamento solidario e valores ecolóxicos de reutilización.

Mercouse este curso un e-reader, coa finalidade de ir familiarizando aos nenos e nenas coas tecnoloxías, que nun futuro non moi lonxano, que van conformar o mundo da lectura. Para o ano incluiremos nas actividades de formación de usuarios o manexo deste aparello electrónico.

Con respecto das sesións de cine clube sinalar que tivemos bastantes problemas co sonido das películas, pero que se solucionou a mediados do curso coa dotación dun sistema de amplificación axeitado. O suceso das proxeccións, malia este problema, seguiu sendo amplo, polo que continuaremos nesta liña para o ano que vén. Sinalar que esta área de audiovisual é amplamente usada polas diferentes aulas do colexio para ver vídeos educativos, programas informáticos, etc...

Tamén queremos ampliar, na medida do posible, a dotación de fondos de banda deseñada, xa que a biblioteca conta cunha presenza bastante limitada deste tipo de fondos.

Criterios e procedementos de avaliación

Toda avaliación que tente servir á mellora dun proceso debe ser permanente e continua ao longo de todo o proceso, así que o noso proceso avaliativo terá este carácter, tentando introducir modificacións correctoras das deficiencias en canto estas sexan advertidas.

Asemade realizaranse avaliacións iniciais e finais do proceso, con enquisas ao profesorado e a unha mostra do alumnado sobre os servizos, actividades e funcionamento da biblioteca, así como da súa valoración sobre os efectos que a nivel de potenciación do hábito lector e da competencia en tratamento documental. Os membros do Equipo de Apoio, presentes nos distintos Equipos de Ciclo serán tamén os encargados de suscitar debates, recoller críticas, apuntar melloras necesarias que vaian xurdindo na vida cotián do colexio.

Así mesmo teremos en conta unha serie de marcadores que nos poden indicar de que xeito a programación da Biblioteca Escolar responde ás necesidades da comunidade escolar á que vai dirixida, como son:

- Número de empréstanos

- Dinámica das Bibliotecas de Aula (anovacións durante o curso, número de empréstanos realizados)
- Participación do alumnado nos clubs de lectura e escritura (inscritos e nenos que permanecen durante todo o período)
- Participación na Olimpíada do Saber
- Clases participantes no PDI
- Apreciación do profesorado sobre a mellora da eficacia lectora e escritora do alumnado
- Profesorado voluntario nas actividades da Biblioteca
- Calidade dos distintos traballos elaborados
- Número de visitas ao blogue

Persoa designada como responsable/dinamizador da biblioteca escolar

A persoa que se responsabilizará da marcha da Biblioteca é Xoaquín Freixeiro Alvarez, actual encargado da mesma.

Sinalar o feito de ter un grupo moi estable de Apoio á Biblioteca que permite garantir a continuidade do traballo ano tras ano, poñendo rapidamente as actividades en marcha, con moitísima profesionalidade e entusiasmo.

4.8. Comisión Ambiental

Durante este novo curso, dende o grupo dinamizador da Axenda 21 Escolar de Galicia, buscamos darlle continuidade aos proxectos de anos anteriores e un novo pulo á participación do alumnado a través da posta en marcha das actividades de compostaxe, recollida selectiva, participación en Voz Natura, etc..., co fin de conseguir un cambio de actitude nos alumnos/as e en xeral en todos os membros da nosa comunidade educativa.

Pretendemos seguir tamén co traballo comezado o ano pasado para a diminución do nivel de ruído.

Entre os obxectivos que se marca a comisión están os seguintes:

- Implicar a toda a comunidade escolar (incluíndo nais/pais, alumnos/as e persoal non docente) na xestión ambiental do centro ao través do comité ambiental.
- Desenvolver a axenda 21 escolar como paso fundamental no ensino dun consumo enerxético sustentable e razoable.
- Desenvolver o espírito de respecto cara a natureza e o de co-responsabilidade no coidado do planeta.
- Incorporar os programas da Axenda 21 aos diferentes documentos do centro, como a documentación de Acollida.
- Continuar traballando e mellorando as distintas actividades postas en marcha.
- Estudar propostas para diminuír o ruído ambiental
- Comprobar a boa marcha do proxecto e avaliar en distintos momentos do proceso a súa efectividade introducindo as medidas correctoras pertinentes.
- Mellorar o nivel de participación dos alumnos, non só na realización das actividades, senón tamén na toma de decisións
- Formar parte, xunto co equipo de normalización e o da biblioteca, dun proxecto de marcado carácter ambiental: "A paisaxe".

4.9 Grupo TIC

Neste ano o grupo TIC está constituído polo grupo de mestres que se encargaron de elaborar un borrador do proxecto TIC para o centro no curso pasado:

Xoaquín Freixeiro (coordinador, tamén do proxecto Abalar)
Francisco Pérez

Luisa M^a Arias
M^a Carmen Fernández

Como principais liñas de acción deste grupo están:

- A elaboración do proxecto TIC definitivo e a posta en marcha do mesmo
- A implantación da segunda fase do plan Abalar no centro
- A difusión de recursos TIC na práctica docente
- A dotación de medios materiais para a práctica docente
- A optimización dos recursos informáticos
- A dinamización da páxina Web do centro e dos distintos blogues xa existentes

Dado que o plan das TIC do centro se encontra en fase de discusión cara a unha redacción definitiva, estado no que se atopa dende o curso pasado toda vez que o grupo TIC quedara sen coordinación, non se inclúe como anexo a esta programación xeral, e será remitido á inspección unha vez aprobado polo claustro. Con todo, está accesible dende a Web do centro (<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/>) o borrador que está a servir de base para a discusión e achega de ideas

4.10 Educación Relixiosa: Relixión Católica

Este ano, ao igual que sucedeu no anterior, as clases de relixión católica no ensino primario serán impartidas por Nicolás Martínez Asenjo.

Xunto a el, e compartida cos colexios Otero Pedrayo e Julio Gurriarán da nosa mesma localidade, a profesora de relixión, M^a José Gómez Alvite adscrita ao Ceip Otero Pedrayo, imparte aulas de relixión católica nos seis cursos de ensino infantil.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Fomentar a maduración e a responsabilidade do alumno, o exercicio da solidariedade e o amor cara ás persoas.
- Entende-lo sentido da vida humana.
- Descubrir os valores fundamentais da convivencia humana: tolerancia – respecto – liberdade – perdón –xustiza-convivencia – respectar as ideas dos demais.
- Descubrir o interese que a Creación é obra de Deus.

Obxectivos de ciclo :

Obxectivos para o **primeiro ciclo**

- Fomentar as relacións cos compañeiros, respectando a opinión dos demais.
- Aceptar cada persoa como é.
- Inculcar valores de respecto – solidariedade e auto-estima.

Obxectivos para o **segundo ciclo**:

- Valorar e recoñecer que pertence a unha familia.
- Valorar os xestos de persoas que lle axudan a medrar.
- Progresar na linguaxe bíblica-simbólica.
- Relacionar e clasificar textos bíblicos.
- Celebrar a ledicia pola obra creadora de Deus.

Obxectivos para o **terceiro ciclo**:

- Que o alumno sexa quen de obter información sobre diferentes manifestacións culturais e relixiosas do seu contorno.
- Recoñecer as expresións cristiás nas obras de arte.
- Diferenciar os templos relixiosos cristiáns e os das cinco grandes relixións.
- Tamén diferenciar os seus libros sagrados.
- Saber relacionar un libro do Antigo Testamento e do Novo Testamento.
- Saber cales son os personaxes máis importantes do Antigo Testamento: Abraham – Moisés – David etc..

4.11 Língua e Cultura Portuguesa

O Programa de Língua e Cultura Portuguesa (LCP) enquadra-se dentro dos objectivos definidos pelo Programa LALO, e foi criado no âmbito da cooperação institucional entre os dois países ibéricos e está em curso desde o ano escolar 1987/1988 em vários centros escolares do sistema educativo espanhol, não só na Galiza como também nas restantes Autonomias. Concebido inicialmente com uma clara intencionalidade de dar resposta às necessidades de filhos de imigrantes portugueses que em Espanha buscavam trabalho e melhorar a sua condição de vida, a evolução dinâmica do programa permitiu o alargamento da inscrição não apenas às crianças de origem ou ascendência lusa mas também de outras origens e nacionalidades. Assim, todos os alunos e alunas que manifestem o seu interesse pela sua frequência, independentemente da sua origem ou nacionalidade, podem inscrever-se no curso de LCP.

É neste contexto que se podem encontrar cursos de LCP em alguns centros escolares da Galiza, mais propriamente onde a comunidade portuguesa tem uma certa representatividade. Sendo a comarca de Valdeorras um dos locais onde a comunidade portuguesa é significativa, é no concelho de O Barco de Valdeorras que se encontra mais concentrada. Compreende-se, pois, que no CEIP **Condessa de Fenosa**, onde estão inscritos várias crianças de origem lusófona se desenvolvam actividades de língua e cultura portuguesa. Assim, neste colégio há já bastantes anos que se tem vindo a desenvolver e implementar este programa, proporcionando a todos/as os/as seus/suas alunos/as que nele se inscrevem, a possibilidade de contactar não só com a forma de expressar-se dos povos do país vizinho como a sua cultura.

Valorizar e respeitando a multiculturalidade e promovendo a interculturalidade, o Programa de LCP surge integrado com o Plano Curricular do Centro, tem por objectivo a promoção de uma atitude de abertura e valorização de culturas que coexistem no tempo e no espaço, e proporcionar um melhor conhecimento mútuo dos povos, com vista a uma melhor compreensão das diferenças valorizando todas as culturas com vista à promoção de uma convivência saudável numa perspectiva de respeito mútuo. Neste CEIP, o desenvolvimento do programa de Língua e Cultura Portuguesa será da responsabilidade do professor *Joaquim Ferreira de Oliveira* que tem horário compartilhado pelo que apenas tem destinadas 12 horas lectivas a este CEIP, distribuídas por três dias, já que, o restante tempo exerce no CEIP Ramón Otero Pedrayo, onde lecciona cursos de LCP à segunda-feira e à terça-feira.

Objectivos gerais

- Divulgar a Língua e Cultura Portuguesa.
- Contribuir para uma mais fácil integração dos alunos de origem lusófona na comunidade educativa do centro.
- Desenvolver a competência linguística do acto de comunicar.
- Proporcionar vivências interculturais e linguísticas diferentes.
- Contribuir para a superação de dificuldades de aprendizagem dos alunos lusodescendentes e/ou lusofalantes.
- Contribuir para um equilíbrio harmonioso entre a formação cultural e social do indivíduo enquanto cidadão europeu.
- Desenvolver a autonomia, o espírito crítico, autoconfiança, valorizando a sua identidade: raízes e património cultural da sua região de origem.
- Adoptar atitudes de respeito e tolerância pelas diferenças de cada um enquanto ser humano e colectivas enquanto povo.
- Proporcionar o conhecimento de Portugal.
- Despertar nos alunos o gosto pelo conhecimento de obras e publicações de autores portugueses;
- Participar em actividades que se integrem no Programa do Centro.
- Desenvolver as referências linguísticas e culturais dos alunos lusófonos e dá-las a conhecer ao resto dos alunos e comunidade educativa em geral;

- Promover o respeito e o apreço pelas diferenzas culturais, educando para a formación de cidadáns libres, responsábeis e participativos numa sociedade multicultural;
- Proporcionar o coñecemento do Portugal actual;
- Dar a coñecer aspectos históricos, económicos e sociais de Portugal;
- Proporcionar situacións de interacción, partilha de coñecementos e intercâmbio de vivências entre povos de Portugal e de España;
- Dar a coñecer a Cultura Portuguesa, numa perspectiva alargada de inter e multiculturalidade que deve constituir a formación do individuo para uma cidadania europea.
- Promover accións que contribúan para que os povos valorizem as súas raíces e saibam preservar a súa identidade cultural.
- Coñecer países, povos e culturas lusófonas;
- Difundir a Língua e Cultura Portuguesa nas comunidades locais;

Alunos

No presente ano lectivo o Programa de Língua e Cultura Portuguesa abrangue un total de **65 alumnos** inscritos dos quais **22** são de 1º Ciclo de Educación Primaria, **23** são de 2º Ciclo de Educación Primaria e **20** são de 3º Ciclo de Educación Primaria.

5. Organización do centro

5.1. Organización do profesorado

Equipo de Ensino Infantil	
Curso: Infantil 3 anos A Infantil 3 anos B Infantil 4 anos A Infantil 4 anos B Infantil 5 anos A Infantil 5 anos B Apoio infantil (psicm) Apoio infantil Relixión Infantil	Coordinador: Cristina Delgado Delgado Mercedes Molina M ^a Nieves Escuredo Cristina Delgado Sonia González Diana Domínguez Remedios González Noelia Maceda Teresa López Sandra García

Equipo de 1º Ciclo de Primaria	
Curso: 1ºA 1ºB 2ºA 2ºB Música Lingua Inglesa	Coordinadora: M^a Carmen García Fernández Rosa Varela Aurea Ochoa M ^a Carmen García Elisa Puente Xoaquín Freixeiro Mercedes Gallego

Equipo de 2º Ciclo de Primaria

Curso: 3ºA 3ºB 4ºA 4ºB Matemáticas LCP	Coordinadora: Mª Encarnación Moldes Cobelas David Vázquez Pilar Santás Consuelo González Mª Encarnación Moldes Francisco Pérez Joaquim Ferreira
---	--

Equipo de 3º Ciclo de Primaria

Curso: 5ºA 5ºB 6ºA 6ºB Inglés Educación Física Relixión Católica	Coordinadora: Luis Fernández Gudiña Concepción Moldes Luis Fernández Luisa Mª Arias Carmen Iglesias Manuel Fco. Gómez Modesto Rodríguez Nicolás Martínez
--	--

Equipo de Orientación

Curso: AL AL PT PT PT PT Orientadora	Coordinadora: Natalia Longo González Mª Carmen Fernández Marta Barroso Mª Ángeles Pestaña Mª José Martín Rubén López Cermen Melle Armesto Natalia Longo
--	---

Comisión de Coordinación Pedagógica

Ensino Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo Xefatura de Estudios Orientación Activ. Comp. e Extraescolares Equipo de Normalización	Cristina Delgado Carmen García Mª Encarnación Moldes Luis Fernández Xoaquín Freixeiro Natalia Longo Modesto Rodríguez Mª José Martín
--	---

Equipo de normalización lingüística

Ensino Infantil 1º Ciclo 2º Ciclo 3º Ciclo	Coordinador: Mª José Martín Cruz Teresa López Nieves Escuredo Xoaquín Freixeiro David D. Vázquez Manuel Fco. Gómez
---	--

Equipo de apoio á biblioteca

Ensino Infantil	Coordinador: M^a Carmen Fernández Sueiras Sonia González M ^a Carmen García Xoaquín Freixeiro (bibliotecario) Consuelo González Concepción Moldes Nicolás Martínez Marta Barroso Ángeles Pestaña
1º Ciclo	
2º Ciclo	
3º Ciclo	
Eq. Or.	

Comisión Ambiental

Ensino Infantil	Coordinadora: Aurea Ochoa Ochoa Diana Domínguez Remedios González Noelia Maceda Rosa Varela Aurea Ochoa Pilar Santás M ^a Encarnación Moldes Modesto Rodríguez Rubén López
1º Ciclo	
2º Ciclo	
3º Ciclo	
Dpto. Orientación	

Grupo TIC (proxecto Abalar)

Ensino Infantil	Coordinador: Xoaquín Freixeiro Xoaquín Freixeiro Francisco Pérez M ^a Luisa Arias M ^a Carmen Fernández
1º Ciclo	
2º Ciclo	
3º Ciclo	
Dpto. Orientación	

5.2.Organización do alumnado

O agrupamento dos alumnos/as realizarase por orde alfabética, evitando sempre o agrupamento por coñecementos, rendemento e nivel intelectual, sen menoscabo da necesaria flexibilidade e heteroxeneidade.

Con todo recoméndase, atendendo a razóns psicopedagóxicas, a escolarización en grupos distintos dos irmáns xemelgos.

Se no momento de se incorporar ao centro no nivel de ensino infantil, fose necesario agrupar a alumnos de idades distintas, consideraremos como factor determinante a data de nacemento.

Dado que as novas directrices da Consellería eliminan a posibilidade de elección de aula en función da lingua, o criterio de selección en función da lingua elixida polos pais que houbo en anos anteriores nos que se ofertaba unha liña en castelán e outra en galego, desaparece.

Distribución dos alumnos							
Ensino Infantil		1º ciclo primaria		2º ciclo primaria		3º ciclo primaria	
EI3aA	19	1ºA	19	3ºA	20	5ºA	20
EI3aB	20	1ºB	20	3ºB	22	5ºB	19
EI4aA	20	2ºA	22	4ºA	26	6ºA	25
EI4aB	20	2ºB	23	4ºB	26	6ºB	25
EI5aA	23	Total	84	Total	94	Total	89
EI5aB	22	Total Ensino Primario: 267					
Total EI	124						
Total alumnado do centro 391							

5.3.Órganos de goberno

5.3.1.Órganos unipersoais

Cargo	Nome	Horario de atención ao público
Dirección	Francisco Pérez Lemos	Tódolos días de 11:10 a 12:05
Xefatura de Estudos	Xoaquín Freixeiro Álvarez	Tódolos días de 10:00 a 11:10
Secretaría	David D. Vázquez Álvarez	Tódolos días de 12:35 a 13:30

5.3.2.Órganos colexiados

Consello escolar	
Director	Francisco Pérez Lemos
Xefe de estudos	Xoaquín Freixeiro Álvarez
Secretario	David D. Vázquez Álvarez
Representantes dos mestres	M. Francisco Gómez Vidal Aurea Ochoa Ochoa M ^a Ángeles Pestaña Barredo Natalia Longo González
Representantes dos pais/nais	Juan Ruíz González Javier González Cuesta M ^a del Rosario García Rodríguez Natalia Miragaya Cotado
Representantes do persoal non docente	María Emilia Pérez Teijeiro
Representante do concello	Natalia Álvarez Diéguez

Calendario de reunións: Reunirase cando menos unha vez por trimestre.

Claustro de profesores	
Ensino infantil: Mercedes Molina Nieves Escuredo Cristina Delgado Sonia González Diana Domínguez Remedios González Teresa López Noelia Maceda Sandra García	1º Ciclo de Ensino Primario Rosa Varela Aurea Ochoa M ^a Carmen García Elisa Puente Xoaquín Freixeiro Mercedes Gallego
2º Ciclo de Ensino Primario David Vázquez Pilar Santás Consuelo González M ^a Encarnación Moldes Francisco Pérez Joaquim Ferreira	3º Ciclo de Ensino Primario Concepción Moldes Luis Fernández Luisa M ^a Arias Carmen Iglesias Manuel Fco. Gómez Modesto Rodríguez Nicolás Martínez
Equipo de Orientación M ^a Carmen Fernández Marta Barroso M ^a Ángeles Pestaña M ^a José Martín Rubén López M ^a Carmen Melle Natalia Longo	

Calendario de reunións:

O Claustro de profesores reunirse cando menos unha vez ao mes

O profesorado atenderá a pais/nais tódolos martes de 17:00 a 18:00 h. preferentemente solicitando previamente a cita.

6. Organización de recursos

Espazos	
Biblioteca	Localizada na planta baixa do edificio central, úsase para lectura en sala, empréstanos, actividades de animación á lectura (os martes conto, vaillle co conto ao profe), traballos de investigación (a hora dos deberes). Dánse nela clases de alternativas á relixión e ten un horario para o seu uso didáctico polos distintos titores (sesións de escritura creativa e lecturas colectivas). Neste curso, e aproveitando a maior dispoñibilidade de espazos do colexio por mor das obras de ampliación do mesmo, a biblioteca vai duplicar o seu espazo físico ao absorber a antiga aula de música. Con esta ampliación preténdese paliar os problemas de uso como recurso didáctico, lúdico e de acceso aos fondos polos usuarios da mesma que ata o de agora existían.
Aula de informática	Con 25 ordenadores conectados en rede, e situada no primeiro andar do edificio central, úsase para clases de iniciación á informática de 5º e 6º curso. Úsase así mesmo como recurso didáctico polos distintos titores para traballar temas curriculares no horario dispoñible.
Aula de psicomotricidade	Situada na planta baixa, ao fondo do salón de actos, esta aula está equipada para a realización de actividades de psicomotricidade cos alumnos de infantil, a mais de se usar para realizar apoios psicomotrices a alumnos/as con discapacidade.
Aula de inglés	Recuperada grazas á ampliación do colexio, a aula de idiomas pasa a se situar no primeiro andar do edificio, xunto á aula de informática e de música. Non todas as clases de idiomas se poden dar nesta aula (hai un total de 38 horas de idioma incluída a anticipación en infantil, por un máximo de 25 horas de ocupación) polo que se priorizou o seu uso para os cursos máis altos. Dotouse de ordenador, proxector, pantalla e sonorización.
Aula de lingua e cultura portuguesa	No segundo andar do centro, nunha das tres aulas pequenas construídas na ampliación do centro, está situada esta aula, adicada ao ensino desta materia optativa, na que participan alumnos/as procedentes de Portugal e Brasil, a máis doutros alumnos/as que sen ser orixinarios destes países voluntariamente se acollen a este programa.
Salón de actos	Equipado con materiais audiovisuais, megafonía e escenario encóntrase na planta baixa do edificio. A máis de se empregar para a realización de festivais (nadal, letras galegas, teatro...) conta cunha aceptable programación de conferencias, proxección de vídeos educativos, exposicións.
Pavillón multiusos	Empregado para as clases de Educación Física de primaria, tendo unha hora que usarse compartida por dúas aulas (26 horas semanais de Ed. Física, por 25 de uso máximo). En horario de recreo, e baixo a supervisión do profesor Modesto Centrón, realízanse actividades lúdico-deportivas.
A casaña	Edificio anexo ao colexio, antiga casa do conserxe, está equipado cunha casa de baño adaptada para as necesidades especiais dos alumnos/as con NEE. Neste edificio hai catro aulas (3 de PT e unha de AL) a máis do despacho da orientadora, no que se pretende colocar unha dependencia da biblioteca onde se concentre a bibliografía relativa a temáticas educativas. Dado o número de casos de alumnos con necesidades educativas especiais, e dentro deles, os que cómpren de aula específica, o espazo volveuse totalmente insuficiente para as necesidades do centro. Para resolver este problema habilitáronse aulas para PT e AL na ampliación do segundo andar do edificio principal, unha como aula específica de PT e outra compartida como almacén de material didáctico e para desdobres nas horas de alternativas á relixión. Neste curso, a aula específica de PT tivo que ser substituída por unha titoría ao se desdobrar unha aula de 6º por exceso de matrícula.

Espazos	
Local ANPA e cuarto coidadoras	Este pequeno cuarto, nun principio o camerino do escenario do Salón de actos, dispón de i ordenador portátil. Nel realizan as súas reunións e traballos os pais/nais da ANPA do centro.
Aula de Música	Situada no primeiro andar, canda as aulas de inglés e informática, conta dunha dotación de instrumentos Orff, radiocasette con CD, teclado, pizarra con pentagramas, illamento acústico...
Aula Material Didáctico	Unha das aulas da ampliación do 2º andar do edificio vaise adicar como almacén dos recursos didácticos do colexio (balanzas, regras, mapas, láminas educativas, homes clásicos...). Tamén se emprega para desdobres en atención educativa e para clases de PT e AL.
Aula recursos mestres	Nesta aula almacénase material de papelería para uso do profesorado, dispónse de taquillas persoais e 6 ordenadores (4 fixos e dous portátiles), impresoras (1 de xel en cores e laser b/n) e scanner para a realización de traballos docentes.
Aulas de desdobres	Con motivo da redución de cursos, e en concreto coa desaparición de 3ºC, a aula que esta clase ocupaba, máis a que usou o extinto 6ºA pasaron a servir para aula de PT e locais para apoios. A primeira das aulas sitúase no 1º andar, fronte do ascensor, e a segunda é unha das aulas da zona ampliada recentemente.

7. Programa anual de actividades complementarias e extraescolares

7.1.Actividades complementarias

Coordinador : Modesto Rodríguez Centrón

Mes	Ano	Actividade
novembro	2011	Celebración da festa do Magosto e Samaín
decembro	2011	Festival de Nadal
decembro	2011	Participación en festivais de panxoliñas
xaneiro	2012	Celebración do Día da Paz
febreiro	2012	Celebración do Entroido
marzo	2012	Celebración do día da árbore
abril	2012	Celebración do día do Libro
maio	2012	Semana das Letras Galegas
maio	2012	Actividades lúdico-deportivas
xuño	2012	Festa fin de curso
xuño	2012	Exposición de Traballos Manuais
todo o curso	2011/2012	Xornadas medio-ambientais
primavera	2012	Visitas de Estudos
todo o curso	2011/2012	Actividades de dinamización da Biblioteca
todo o curso	2011/2012	Participación na axenda 21

7.2.Actividades extra-escolares

Realízanse no antigo almacén de material deportivo (antes da inauguración do pavillón multi-usos), e na aula de psicomotricidade, sendo promovidas pola ANPA coa colaboración do coordinador de actividades extra-escolares.

A definición das actividades a realizar, os seus profesores e os horarios determínanse ao longo do mes de outubro, e dan inicio no de novembro.

Sinalar tamén a existencia dunhas actividades programadas polo Concello do Barco que se desenvolven no pavillón polideportivo (xogos deportivos) e na aula de informática (Informática) e inglés de iniciación.

8. Listaxe de libros de texto

Materia	Curso	Título	Autor/A	Editorial
Proxectos	3 anos	El cuerpo humano		ed. Anaya
Proxectos	3 anos	Las flores		ed. Anaya
Proxectos	3 anos	Los gusanos de seda		ed. Anaya
Lecto-escritura	3 anos	Más que palabras c.1		ed- sm
Lecto-escritura	3 anos	Maduración e iniciación a la escritura 1		ed Everest
Matemáticas	3 anos	A aventura dos números 1		ed. Everest
Matemáticas	3 anos	A aventura dos números 2		ed. Everest
L. Inglesa	3 anos	Oxford Playschool Starter		Oxford University Press
Relixión	3 anos	Proxecto Abbacanto.-		Ed Everest
Proxectos	4 anos	Los castillos -		ed. Anaya
Proxectos	4 anos	Las flores -		ed. Anaya
Proxectos		El espacio -		ed. Anaya
L. Inglesa	4 anos	Oxford Playschool A Class Book -		Oxford University Press
Matemáticas	4 anos	A aventura dos números 2 -		ed. Everest
Matemáticas	4 anos	A aventura dos números 3 -		ed. Everest
Matemáticas	4 anos	A aventura dos números 4 -		ed. Everest
Relixión	4 anos	Proxecto Abbacanto.-		Ed Everest
Proxectos	5 anos	Los castillos -		ed. Anaya
Proxectos	5 anos	Las flores -		ed. Anaya
Proxectos	5 anos	El espacio -		ed. Anaya
Lectoescritura	5 anos	Más que palabras. Cuadernillo 3		Ed. SM
Lectoescritura	5 anos	Maduración e iniciación a la escritura 4 -		ed Everest
Matemáticas	5 anos	A aventura dos números 5 -		ed. Everest
Matemáticas	5 anos	A aventura dos números 6 -		ed. Everest
Matemáticas	5 anos	A aventura dos números 7 -		ed. Everest
L. Inglesa	5 anos	Oxford Playschool B Class Book -		Oxford University Press
Relixión	5 anos	Proxecto abbacanto (5anos) -		ed. Everest
Coñ Mat Lin	1º	Tira da lingua 1	M. dos Anxos Glez.-	(Anaya)
Coñ Mat Lin	1º	Tira da lingua 2	M. dos Anxos Glez.-	(Anaya)
Coñ Mat Lin	1º	Tira da lingua 3	M. dos Anxos Glez.-	(Anaya)
Ling. Castelá	1º	Lengua 1	Isabel Fuentes	(Anaya)
L. Inglesa	1º	Surprise 1 Class Book	V. Reilly	(Oxford)
L. Inglesa	1º	Surprise 1 Activity Book	V. Reilly	(Oxford)
Lectura	1º	Alicia sabe voar	Paula Carballeira	(Anaya)
Relixión	1º	Nazaret - Religión Católica 1 -	Francisco Puértola.-	(Santillana)
Coñ Mat Lin	2º	Tira da lingua 4	M. dos Anxos González	(Anaya)
Coñ Mat Lin	2º	Tira da lingua 5	M. dos Anxos González	(Anaya)
Coñ Mat Lin	2º	Tira da lingua 6	M. dos Anxos González.	(Anaya)
Ling. Castelá	2º	Lengua 2	Isabel Fuentes	(Anaya)
L. Inglesa	2º	Surprise 2 Class Book	V. Reilly	(Oxford)
L. Inglesa	2º	Surprise 2 Activity Book	V. Reilly	(Oxford)
Relixión	2º	Nazaret - Religión Católica 2 -	Francisco Puértola.	(Santillana)
C. do medio	3º	C. do Medio 3	Ricardo Gómez	(Anaya 2008)
Lingua C.	3º	Lengua 3	Carmen Bello.	(Anaya 2008)
Lingua G.	3º	Lingua 3.- Abre a porta	Equipo Carabeiro	(Anaya 2008)
Matemáticas	3º	Matemáticas 3	Luis Ferrero.	(Anaya 2008)
Relixión	3º	Religión Católica 3	Carmen Pellicer	(Santillana 2008)
Lectura C.	3º	El arca de los cuentos 3	Ana F. Montes.Carlos R.	(Vicens Vives 2006)
L. Inglesa	3º	Surprise 3 Class Book	S. Mohamed	(Oxford)
L. Inglesa	3º	Surprise 3 Activity Book	S. Mohamed	(Oxford)
C. do Medio	4º	C. do Medio 4	Ricardo Gómez.	(Anaya 2008)
Lingua C.	4º	Lengua 4	Carmen Bello	(Anaya 2008)
Lingua G.	4º	Lingua 4.- Abre a porta	Equipo Carabeiro	(Anaya 2008)
Matemáticas	4º	Matemáticas 4	Luis Ferrero.	(Anaya 2008)

Relixión C.	4º	Relixión Católica 4	Carmen Pellicer	(Santillana 2008)
Lectura C.	4º	El arca de los cuentos 4	Pilar Montes.	(Vicens Vives 2005)
L. Inglesa	4º	Surprise 4 Class Book	S. Mohamed	(Oxford)
L. Inglesa	4º	Surprise 4 Activity Book	S. Mohamed	(Oxford)
CMSC	5º	Coñecemento do Medio – Primaria		Rodeira
L. Cast.	5º	Abre la Puerta		- Anaya
L. Gal.	5º	Abre a Porta		- Anaya
Matemáticas	5º	La Casa del Saber – Cast.		Obradoiro Santillana
L. Inglesa	5º	Surprise 5 Class Book Oxford		University Press
Relixión	5º	Proyecto Dinorah		- Ed. Edelvives
L. Inglesa	5º	Surprise 5 Activity Book		Oxford University Press
CMSC	6º	Coñecemento do Medio –		Rodeira Primaria
Matemáticas	6º	La Casa del Saber –Cast. -		Obradoiro Santillana
L. Galega	6º	Abre a porta		- Anaya
L. Cast.	6º	Abre la Puerta –		Anaya
Rel. Cat	6º	Proyecto Dinorah –		Edelvives
L. Inglesa	6º	Surprise 6 Classbook + Multirom –		Oxford University Press
L. Inglesa	6º	Suprise 6 Activity Book		Oxford University Press
Ed. Para a Cid.	6º	Ed. Para a Cidadanía – Galicia -		Anaya

9. Plan para a realización do transporte escolar e o regulamento da organización do servizo de comedor.

9.1. Transporte escolar

EMPRESA	ITINERARIO	PARADA
ATVISA	N. 1	Veigamuíños,
	N. 2	Vilariño, Soulecín, A Proba
	N. 3	O Castro, Outarelo, Vilanova, A Cerámica, As Monxas
AUPSA	N. 4	Alixo, Raxoá, Millarouso, Coedo
	N. 5	Santa Mariña, Cesures, Vales, Arnado, Vilabril, Santigoso
	N. 6	Éntoma, O Cemiterio, Ucediños
Perfecto Núñez	N. 7	Xagoaza, Tremiñá

Neste curso, todas as liñas do transporte escolar contan con coidadoras que aseguran a posibilidade de transporte dos alumnos e alumnas de 3 anos.

9.2. Comedor escolar

Persoal

O persoal encargado do Comedor do C.E.I.P. “Condessa de Fenosa” está integrado por:

- x O **director** do centro, Francisco Pérez Lemos, que supervisa o funcionamento.
- x A **encargada de comedor**, Pilar Prada, que organiza o servizo de comidas
- x O **persoal colaborador** composto por:
 - x - As **nais colaboradoras**, que atenden as necesidades que xorden no tempo de comedor, e que velan porque se cumpran as normas.
 - x - Os **nenos /as de 5º e 6º** usuarios do comedor, como axudantes.
 - x O **persoal laboral** composto por unha cociñeira e tres axudantes de cociñeira.
 - x **Monitores especializados** para levar a cabo as actividades extra-escolares ofertadas

pola A.N.P.A e polo Concello.

x Tres **auxiliares técnico educativas**, que atenden ás necesidades dos nenos/as con n.e.e. ao seu cargo.

O servizo de comedor escolar é de luns a venres en horario de 13.30 a 15.30 e desde as 14:15 ata as 15:15 (nos meses de xuño e setembro).

Seguimos a ser colexio colaborador no **Programa Educativo 5 ao día** pertencente á Campaña de Promoción do Consumo de Froitas e Hortalizas Frescas no Mercado Interior. Por este motivo desde o colexio promoveremos o consumo diario de ao menos 5 racións de froitas e hortalizas frescas entre a poboación escolar, tentando ao mesmo tempo de concienciar ao alumnado sobre os beneficios que comporta para a saúde.

Tamén participamos no **Programa Educativo Uhhh.. peixe** pertencente á Campaña de Promoción de Consumo de peixe entre os nenos/as galegos deseñada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, en colaboración cos departamentos de Educación e Sanidade da Xunta de Galicia, na que o apartado lúdico continúa sendo o grande protagonista.

En canto ao funcionamento do servizo de Comedor, a normativa básica contéplase no Plan de funcionamento do mesmo, baseado no marco do **Decreto 10/2007, do 25 de Xaneiro**, polo que se regula o funcionamento dos Comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Así mesmo baséase no cumprimento das esixencias establecidas na **regulamentación técnico-sanitaria para comedores colectivos**.

Obxectivos xerais do comedor escolar

O comedor escolar é un espazo educativo onde os nenos/as aprenden hábitos alimenticios e normas de comportamento social na mesa. Este espazo permite, de forma efectiva e racional, aprender a comer.

No Comedor Escolar foméntase unha actitude positiva cara unha alimentación saudable, partindo do estímulo que xera a aceptación das comidas por parte dos outros compañeiros/as.

No Comedor Escolar do CEIP "Condessa de Fenosa" tentaremos de :

Potenciar unha oferta apetitosa, variada e de boa presentación, onde estean presentes factores culturais da nosa comunidade (orellas, ovos de Pascua, Aguinaldo).

Incluír alimentos de todos os grupos para favorecer a dixestión e o contacto cos mesmos.

Buscar a variación na cor, textura e métodos de cociñado.

Valorar aspectos relacionados coa satisfacción do "comer con gusto", de compartir e comunicarse.

Proporcionar a toda a Comunidade Educativa, na medida das posibilidades, un servizo básico e cotián que facilite a conveniencia do traballo diario.

Aproveitar os procedementos establecidos pola Administración para ofrecer un servizo asistencial a determinados casos cun medio socioeconómico desfavorable.

Atender ca mesma eficacia en canto a servizo alimentario, educativo e da saúde, na medida dos recursos cos que contamos, ao alumnado con alerxias, discapacitado ou que proveña doutras culturas.

Obxectivos específicos do comedor

Subministrar un menú gastronómico a medio día equilibrado, variado e completo.

Promover valores de respecto, urbanidade, valoración do traballo dos demais, uso de utensilios en función da súa estrita finalidade, aceptación mutua, compañeirismo e comprensión das vantaxes dunha boa relación na mesa.

Promover hábitos adecuados en torno ao servizo, manipulación hixiénica dos alimentos, dominio dos xestos, da voz e do propio corpo para garantir a urbanidade adecuada no acto alimenticio.

Promover diferentes habilidades: uso específico e efectivo dos cubertos, coñecemento dos alimentos, das propiedades nutritivas dos mesmos e das conveniencias mais saudables.

Organizar o tempo de lecer como un espazo educativo de actividades non derivadas das propias obrigacións escolares: xogo libre, biblioteca, xogos de mesa, pintura...

Fomentar a participación nas actividades en grupo respectando ás persoas, as normas, os materiais e os espazos.

Canles de información

- Profesorado: Taboleiros informativos, reunións...
- Pais e nais: notas informativas, páxina web do colexio.
- Nenos/as: Taboleiros informativos do comedor, avisos directos.

10.- Presuposto do centro

Conceptos	Ingresos	Gastos	Saldo
Saldo a 1 de setembro de 2011			19597,53
Consellería de Educación	28000		
Reparación e conservación de mobiliario e enseres		4000	
Mantenemento e adquisicións da aula de informática		3000	
Material de oficina		3000	
Subministracións		5000	
Comunicacións		3000	
Excursións		600	
Biblioteca		3000	
Gastos diversos		7000	
Totais ingresos e gastos	47597,53	28600	
Remanente para o curso 2012-13			18997,53

Esta Programación Xeral Anual foi aprobada polo Claustro e Consello Escolar de Centro

Vº e Prace

O Director

O inspector de zona